

## PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI ( PECHA)

### CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización do servizo de **REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI ( PECHA)** cuxa codificación é CPV 7140000-2.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

### CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de servizos de **REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI ( PEPCHA)** será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e co establecido na cláusula novena do presente Prego.

### CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: [www.concellotui.org](http://www.concellotui.org).

### CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de **221.350 euros**; o prezo certo anterior queda especificado nun valor estimado de **187.584,75 euros** e no Imposto sobre o Valor Engadido de **33.765,26 euros**.

A actuación subvencionase na súa totalidade, mediante subvención concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ó amparo de resolución de data 1.07.10 , e segundo a Orde de 2 de Marzo de 2010 de Concesión de subvencións a concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2010 (DOG nº 47, de mércores, 10 de marzo de 2010) . Consta comunicación do correspondente compromiso de ingreso no expediente.



Por ser un gasto de carácter plurianual, de conformidade coa lexislación reguladora das facendas locais, a súa autorización ou realización subordínase á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos.

O gasto total que ascende a **221.350 €**, quedará distribuído da seguinte maneira:

Anualidade 2010.....	62.957, 60 €
Anualidade 2011.....	79.196, 20 €
Anualidade 2012.....	79.196, 20 €

#### **CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato**

A duración do contrato de servizos será de **DOUS ANOS**, dacordo cos prazos de execución do contrato, podendo prorrogarse por un máximo de dous anos máis.

#### **CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### 3. A **solvencia do empresario:**

3.1 **A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2. Dada a especial complexidade e trascendencia do presente contrato de servizos fíxanse, do modo máis obxectivo posible, uns criterios mínimos de **solvencia técnica** que deberán posuír os equipos concurrentes en orde a ser admitidos á licitación, de xeito que contén cun mínimo de experiencia e especialización neste campo.

Por este motivo so serán admitidos os equipos que superen a puntuación mínima que, respecto a cada apartado se determina:

#### **1.- EXPERIENCIA DO EQUIPO REDACTOR:**

Dacordo co establecido nos pregos de prescricións técnicas o equipo redactor do plan terá carácter multidisciplinar, e estará composto por un mínimo de dous especialistas con titulación universitaria de segundo ou terceiro ciclo, dos que un deles será arquitecto.

#### **A) Experiencia na redacción de Plans Xerais de Ordenación Municipal ou Normas Subsidiarias nos últimos 15 anos.**

Admitirase a experiencia do equipo que se presente e a que previamente poidese ter adquirido cando tivese cambiado de denominación ou razón social, sempre e cando xustifique, a través das oportunas escrituras, dito cambio de denominación.

-Experiencia na elaboración de Plans Xerais de Ordenación ou de Normas Subsidiarias de Planeamento nos últimos 15 anos.

- En Concellos cunha poboación de 20.000 habitantes ou superior.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 5 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 6 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 7 puntos por cada un.



- En Concellos cunha poboación de 10.000 a 19.999 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 4 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 5 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 6 puntos por cada un.
- En Concellos cunha poboación de menos de 10.000 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 3 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 4 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 5 puntos por cada un.

**B) Experiencia na elaboración de figuras de Planeamento de Desenrolo nos últimos 15 anos ( plans parciais, plans de sectorización, plans especiais, proxectos de ordenación do Medio Rural, proxectos de delimitación do Solo urbano, así como revisións do Planeamento Xeral).**

- Cando o seu ámbito de afección sexa de 20.000 habitantes ou mais.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 3 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 4 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 5 puntos por cada un.
- Cando o seu ámbito de afección sexa de entre 10.000 e 19.999 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 2 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 3 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 4 puntos por cada un.
- Cando o seu ámbito de afección sexa inferior ós 10.000 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 1 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 2 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 3 puntos por cada un.

## **2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL DO RESPONSABLE DO EQUIPO.**

Para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica para a participación na licitación do contrato de redacción do plan especial de protección, e sen prexuízo das demais condicións que se impoñan, o equipo deberá acreditar o compromiso de ter como director do plan, con capacidade de representación suficiente, a un especialista con titulación universitaria de 2º ou 3º ciclo, responsable da dirección do equipo redactor durante todo o tempo de redacción do plan. Deberá acreditarse a experiencia do director do plan en proxectos de natureza análoga nos que participase, e para tal efecto se deberá achegar unha relación detallada na que se exprese:

**A) Experiencia na redacción de Plans Xerais de Ordenación Municipal ou Normas Subsidiarias nos últimos 15 anos.**

- En Concellos cunha poboación de 20.000 habitantes ou superior.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 5 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 6 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 7 puntos por cada un.
- En Concellos cunha poboación de 10.000 a 19.999 habitantes.

- ❖ Aprobados inicialmente. 4 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 5 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 6 puntos por cada un.
- En Concellos cunha poboación de menos de 10.000 habitantes.
    - ❖ Aprobados inicialmente: 3 puntos por cada un.
    - ❖ Aprobados provisionalmente: 4 puntos por cada un
    - ❖ Aprobados definitivamente: 5 puntos por cada un.

**B) Experiencia na elaboración de figuras de Planeamento de Desenrolo nos últimos 15 anos ( plans parciais, plans de sectorización, plans especiais, proxectos de ordenación do Medio Rural, proxectos de delimitación do Solo urbano, así como revisións do Planeamento Xeral).**

- Cando o seu ámbito de afección sexa de 20.000 habitantes ou mais.
  - ❖ Aprobados inicialmente. 3 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 4 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 5 puntos por cada un.
- Cando o seu ámbito de afección sexa de entre 10.000 e 19.999 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente. 2 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 3 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 4 puntos por cada un.
- Cando o seu ámbito de afección sexa inferior ós 10.000 habitantes.
  - ❖ Aprobados inicialmente: 1 puntos por cada un.
  - ❖ Aprobados provisionalmente: 2 puntos por cada un
  - ❖ Aprobados definitivamente: 3 puntos por cada un.

A puntuación a outorgar será proporcional á participación na redacción, de tal xeito que si a súa participación fose so a metade do prazo de duración da redacción, dividirase á metade.

**Para poder ser admitido á licitación as empresas consultadas deberán de contar, cando menos, cos seguintes puntos nos apartados que se especifican:**

- **Apartado 1: 10 puntos**
- **Apartado 2: 10 puntos**

A relación dos traballos deberá acreditarse por medio de certificacións expedidas pola administración que contratou, tramitou ou aprobou o plan.

Non se valorará a experiencia profesional, aínda que estea correctamente acreditada, naqueles casos en que o planeamento redactado fose anulado por sentenza xudicial firme ou suspendido pola administración competente.

**CLÁUSULA SÉPTIMA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa**



As ofertas presentaranse no Concello de Tui, Praza do Concello, 1, en horario de atención ao público, dentro do prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir do día seguinte ao de publicación anuncio de licitación no *Boletín oficial da provincia de Pontevedra* e no *Perfil do Contratante*.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo de **REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI ( PEPCHA )** ».A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»:** Documentación Administrativa.
- **Sobre «B»:** Proposición Económica e Documentación Cuantificable de Forma Automática.
- **Sobre «C»:** Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE «A»  
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

**a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.**

**b) Documentos que acrediten a representación.**

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

— Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder suficientemente verificado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

**c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.**

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións viventes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

**d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.**

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para elo, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da Lei 30/2007 para a corrección de defectos ou omisións na documentación.

**e) Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía provisional por importe do 3 % do orzamento do contrato.**

**f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.**

**SOBRE «B»  
PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE  
FORMA AUTOMÁTICA.**

**a) Proposición económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_,

coñecedor do expediente para a contratación do servizo de \_\_\_\_\_ por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no *Boletín oficial da provincia de Pontevedra* n.º \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura do licitador,

Asdo.: \_\_\_\_\_».

**b) Documentos relativos aos criterios de valoración, distintos do prezo, que se deban cuantificar de forma automática.**

**SOBRE «C»  
DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR**

**Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor.**

**CLÁUSULA OITAVA. Garantía Provisional**

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe do 3 % do orzamento do contrato, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.



O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, neste caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

#### CLÁUSULA NOVENA. Criterios de Adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación.

##### 1.- CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

#### **A. PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 30 puntos.**

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left( \frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outogada} - a - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

$V_i$ : Puntuación da oferta  $i$

$B_i$ : baixa da oferta  $i$ . Donde  $B_i = \text{Tipo} - O_i$ ; sendo  $\text{Tipo}$  o tipo da licitación e  $O_i$  é a oferta da empresa  $i$ .

$B_{\max}$ : baixa da oferta máis favorable.  $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$ ; onde  $\text{Tipo}$  é o tipo da licitación e  $O_b$  é a oferta económica máis baixa

#### **B. REDUCCIÓN DOS PRAZOS DE ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN PARA A APROBACIÓN INICIAL. Ata un máximo de 30 puntos.**

Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que non oferten reducións de prazo. Outorgarase a valoración máxima a empresa licitadora que oferte unha maior redución do prazo. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left( \frac{P_i}{P_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outogada} - a - \text{prazo} - \text{establecido}$$

Sendo:

$V_i$ : Puntuación da oferta  $i$

$P_i$ : prazo oferta  $i$ . Donde  $P_i = \text{Prazo} - O_i$ ; sendo  $\text{Prazo}$  o establecido na licitación e  $O_i$  é a oferta da empresa  $i$ .

$P_{\max}$ : prazo da oferta mais favorable.  $P_{\max} = \text{Prazo} - O_b$ ; onde  $\text{Prazo}$  é o establecido na licitación e  $O_b$  é o menor prazo ofertado.

## 2.- CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR:

### **A.- PLANIFICACIÓN, METODOLOXÍA E CONTIDO DO TRABALLO A REALIZAR . Ata un máximo de 20 puntos.**

Valorarase, como aspecto de especial importancia, a metodoloxía a empregar no desenrolo do traballo, partindo das características propias do Concello de Tui, a súa realidade territorial e social. Valorarase o conxunto de traballos que se realizarán incluíndo aqueles que superen os mínimos marcados polos pregos, a presentación dunha cartografía dixitalizada actualizada; a calidade da presentación da documentación; así como a proposta metodolóxica con respecto á información o público.

### **B.- COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR. Ata un máximo de 20 puntos.**

Valorarase a composición interna do equipo conformado para a execución do traballo. O equipo redactor do plan terá carácter multidisciplinar, composto por un mínimo de dous especialistas con titulación universitaria de segundo ou terceiro ciclo, dos que un deles será arquitecto, polo que se valorará outro tipo de titulacións adecuadas ó servizo a desenvolver, tales como, asesor xurídico ou avogado, historiador do arte ou outra titulación análoga do ámbito das humanidades, arquitecto técnico, arqueólogo.... Valorarase o número de persoas adscritas á realización do obxecto do contrato, a maiores das xa esixidas.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, **polo menos catro vogais**, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma. Así mesmo, formará parte da Mesa de Contratación un representante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras designado por proposta da Secretaría Xeral de Ordenación do territorio.

A composición da Mesa de contratación publicarase no Perfil de Contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 195 da Lei 30/2007, de 30 de outubro.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Apertura de Proposicións e requerimento de documentación.**

A Mesa de Contratación constituirase no prazo máximo dun mes tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, e procederá, en sesión non pública, á apertura dos Sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

En todo caso, non se procederá á apertura das proposicións presentadas ata que a Mesa decida sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorrido, de terse requerido, o prazo para a subsanación da documentación.

Do actuado deixárase constancia expresa na acta que ó efecto deberá levantarse, e na que, así mesmo, se fará pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da exclusión.

Posteriormente, nun prazo non superior a sete días, en sesión pública a Mesa de Contratación procederá á apertura e exame dos sobres «C», que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Tras a lectura de ditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Reunida de novo a Mesa de Contratación, en sesión pública darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor. A continuación procederase á apertura dos sobres «B».

O órgano de contratación requerirá ó licitador que tivese presentado a oferta máis vantaxosa economicamente para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende aquel non que recibise o requerimento, presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación de elo, de dispoñer efectivamente os medios ós que se tivese comprometido a dedicar ou adscriba á execución do contrato conforme ó artigo 53.2 da Lei de Contratos do Sector Público, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

A proposta de adjudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Garantía Definitiva**

Os que resulten adjudicatarios provisionais dos contratos deberán constituir unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produciise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Ofertas con Valores Anormais ou Desproporcionados**

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas será analizado á vista dos informes que, sobre este extremo, podan emitir os técnicos municipais, sexan propios ou contratados ó efecto.

Antes da emisión deste informe, solicitarase á empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, xustificación sobre a que, así mesmo se pronunciará o técnico ó servizo do Concello.

Para determinar o carácter temerario da oferta atenderase especialmente á posibilidade técnica de execución da melloras ofertadas no prazo que se fixe na oferta e/ ou co financiamento que así mesmo se propón, acudindo para elo ós cálculos de custes tradicionais e de mercado e ás explicacións que poda dar o licitador incurso en esta presunción.

A oferta será declarada como incurso en presunción de temeridade cando o custe das variantes supoña a imposibilidade de obter beneficio de algún tipo coa execución do contrato, salvo nos casos nos que así se xustifique adecuadamente polo licitador e se acepte á vista do informe técnico.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do contrato.**

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible dacordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase ós candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Formalización do Contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación definitiva; constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario**

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

- O equipo que resulte adxudicatario obrígase a adscribir á execución do contrato, polo que á redacción do PECHA se refire, os seguintes medios persoais e materiais, sen perxuízo dos que se comprometa a maiores na súa proposición.

- o **MEDIOS PERSOAIS:** O equipo contará, cando menos, con dous especialistas con titulación de segundo ou terceiro ciclo, dos que un deles será arquitecto.
- o **ADSCRICIÓN E PRESENZA FÍSICA:** A lo menos un dos dous especialistas cos que debe contar o equipo redactor deberá estar



adscrito con carácter exclusivo á execución do contrato durante todo o tempo que dure a súa vixencia, sen perxuízo das melloras comprometidas pola adxudicataria. Deberá facilitarse un teléfono de contacto e será o responsable da boa marcha dos traballos, a efectos de relación cos servizos municipais.

Unha persoa que forme parte do equipo redactor, segundo a oferta presentada, deberá ter unha presenza física no Concello de, a lo menos, **DOUS DÍAS** á semana, en horario de funcionamento das oficinas municipais, durante o período de información pública, co fin de que informe ós particulares ó respecto á documentación que se expón, os trámites do procedemento, facilite copias e demais similares. Neste sentido a persoa deberá contar cuns mínimos coñecementos dos extremos anteriores, do término municipal, da súa ordenación urbanística actual e a proxectada.

Esta presenza mínima motivase co fin de garantir o mais estreito contacto cos servizos municipais e o maior impulso dos traballos, dando cumprimento ós prazos establecidos nos presentes pregos.

O concello facilitará un local adecuado para a ubicación dos equipos e dos técnicos adscritos, posibilitando deste modo a presenza sinalada, dando cumprimento ós prazos establecidos no presente prego.

O equipo adxudicatario presentará cada mes un informe sobre a marcha dos traballos, as dificultades que podan ter advertido na súa execución e a colaboración que requira do Concello, colaboración que, en ningún caso, suporá exención de responsabilidades pola súa parte. Dito informe será supervisado e conformado polo arquitecto municipal, que, en todo caso, asumirá a dirección operativa e técnica dos traballos.

- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 210 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación.

#### **-OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA:**

O contratista deberá axustarse, en todo caso, á diferente normativa que rixa a prestación do servizo.

O contratista deberá adaptarse á normativa urbanística e demais de aplicación que o sexa en cada momento, sen que estas adaptacións impliquen variacións no prezo contractual, excepto cando conleven modificacións substanciais que supoñan un aumento das tarefas asumidas.

O contratista responderá pola custodia e conservación dos traballos realizados ata a súa entrega, non permitíndose a súa facilitación ou información a terceiros se non media expresa autorización municipal.

O contratista deberá gardar sxiello respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionados co obxecto do contrato e dos que a súa coñecemento con ocasión do mesmo, salvo que o órgano de contratación, atendendo á natureza e circunstancias do contrato, lle permita expresamente a súa publicidade ou comunicación a terceiros.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de Prezos**

Dado o importe da contratación e o feito de que esta responda a unha subvención finalista cuxa contía para as anualidades posteriores xa está establecida, non será de aplicación a revisión de prezos, entendéndose esta xa implícita no importe da adjudicación. Elo sin perxuízo de supostos extraordinarios de forza maior ou acontecementos imprevisibles que obriguen ó Concello ó mantemento do equilibrio financeiro do contrato, tanto a favor como en contra do Concello.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Prazo de Garantía**

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de **UN ANO**, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acreditase á existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do Contrato**

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

#### **- PAGO DO PREZO DE ADJUDICACIÓN.**

Para o pago dos traballos, o prezo de adjudicación resultante distribuirase segundo se indica, nos seguintes prazos:

- Tras a sinatura do contrato: 11.067,50 €
- Tras a entrega do documento de aprobación inicial: 51.890,10 €
- Tras a entrega do documento para aprobación provisional: 79.196,20 €
- Coa aprobación definitiva polo órgano municipal competente: 79.196,20 €

O prezo sinalado refírese á totalidade do tipo de licitación, as baixas que poidan obterse aplicaranse, polo porcentaxe que resulte sobre o tipo, a cada un dos prezos parciais.

O pago efectuarase contra factura e certificación acreditativa da realización dos actuacións ou traballos correspondentes a cada unha das fases referidas, tras a súa



aprobación polo órgano competente, dacordo coa normativa reguladora das subvencións e a normativa recollida na Lei de Contratos.

A mencionada certificación acreditativa da realización dos traballos será expedida polo técnico director dos mesmos nombrado ó efecto, é dicir, polo arquitecto municipal. Tal certificación deberá de referirse ó cumprimento da fase, do establecido nos presentes pregos, nos de prescricións técnicas do contrato e, no seu caso, de aqueles compromisos que, na licitación, tivese ofertado o contratista.

A factura deberá conter os datos e requisitos establecidos no RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais. A falta de entrega da factura cos requisitos precisados impedirá o pago e o inicio do cómputo do prazo para os intereses de demora.

- **CUMPRIMENTO DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.**

A execución do contrato deberá de completarse nos seguintes prazos:

**a) Entrega da documentación para a aprobación inicial do Plan especial do Conxunto histórico do Concello de Tui: 9 MESES.**

O inicio do cómputo neste caso será dende o día seguinte da sinatura do contrato.

**b) Entrega do documento para a aprobación provisional: 6 MESES.**

Tal prazo computará dende o remate do período de exposición ó público e unha vez remitido ó contratista a totalidade das alegacións presentadas durante o período de exposición pública.

O contratista, polo tanto, estará obrigado a entregar informe das mencionadas alegacións e, tras a súa consulta e debate co Concello, o documento para a aprobación provisional no mencionado prazo.

Se a consecuencia das alegacións presentadas durante o período de exposición pública se realizasen modificacións sustanciais do documento aprobado inicialmente, procederase a un novo período de exposición pública, con informe das novas alegacións que se presentasen. Tras eso procederase a unha nova aprobación provisional.

**c) Presentación da documentación rectificada.**

Se a consecuencia da remisión do Plan aprobado provisionalmente á Comunidade Autónoma se apreciase a existencia de defectos, ou se realizasen observacións, requerimentos de documentación ou de adaptación dos seus contidos ou documentación, o adxudicatario deberá de proceder ó seu informe, consulta co Concello e entrega, no seu caso, dos documentos rectificadas nun prazo non superior a **UN MES.**

En consecuencia, o prazo estimado de duración do contrato é de **DOUS ANOS.**

O contratista estará obrigado a introducir nos documentos tantas modificacións sexan consecuencia da estimación das alegacións e requerimentos contidos nos informes dos órganos competentes da Xunta de Galicia e demais organismos que deban emitilos, segundo o exposto. As modificacións por cambios de criterio en atención a estrictas razóns de conveniencia municipal deben ser motivadas podendo dar lugar, no seu caso, á revisión do contrato. Ditas modificacións efectuaranse de conformidade cos prazos precisados.

Durante a elaboración das fases mencionadas o contratista manterá os contactos e reunións que fosen necesarias cos corporativos e técnicos municipais e, cando menos, coa periodicidade que se establece nos presentes pregos.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do Contrato**

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por Incumprimento**

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no art. 196.4 da LCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao meso, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades na proporción da gravidade do seu incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ó 10 % do orzamento de contrato.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do Contrato**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 206 e 284 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime Xurídico do Contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adjudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e esta vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.



En Tui a 13 de Outubro de 2010.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Antonio F. Fernández Rocha